

O MAGOSTO

O magosto é unha das festas máis populares e tradicionais de Galiza. Celébrase no outono en todas as bisbarras do noso país, e tamén na leonesa do Bierzo.


Esta festa xira en torno á recollida e asado das castañas que nalgúns zonas reciben tamén o nome de bullotes.

Pero... como se fai un magosto?

En primeiro lugar hai que apañar nos soutos ou ao pé dos castiñeiros as castañas, as que caeron dos ourizos ou as que extraemos do seu interior, despois facémolles un corte para que non estoupem ao asalas, preparamos unha cacharela con rachas de madeira e sobre as brasas botamos as castañas para asalas.

Unha vez asadas as castañas, pódense meter nun cornete ou noutro recipiente, deixamos que arrefríen un pouco, sacámoslle a casca, tamén chamada tona, e a pela e... a comer castañas!

Antigamente esta festa celebrábase nos propios soutos nos que se apañaban as castañas, volvendo á noite toda a xente para a aldea a continuar a festa.



QUE SABES DO MAGOSTO?

1. Como se chama unha das festas máis populares de Galiza? Completa.

--	--	--	--	--	--	--	--

2. Que froito se consume no magosto?

As uvas


A mazá

A noz

A castaña

A pera

3. Que outro nome teñen as castañas?



4. Como se fai un magosto? Ordena.

Métense nun cornete.



Apáñanse as castañas.



Fáiselle un corte.



E... a comer castañas!



Bótanse as castañas nas brasas.



Prepárase unha cacharela.



5. Une o nome da árbore e o seu conxunto.

Castiñeiro

Piñeiro

Carballo

Amieiro

Piñeiral

Carballeira

Amieiral

Souto


6. Que é unha cacharela? Marca a resposta verdadeira.

Instrumento para escribir, debuxar ou pintar.

Morea de leña que arde e fai laparada.

Ferramenta de metal, que se utiliza para golpear.

7. Completa o encrucillado.



HORIZONTAIS

1. Árbore de folla caduca que ten como froito ourizos que conteñen as castañas.
2. Terreo poboado de castiñeiros.
3. Morea de leña que arde e fai laparada.

VERTICAIS

- A. Cuberta exterior da castaña. Tamén coñecida por casca.
- B. Bisbarra leonesa onde se celebra o magosto: O...
- C. Casca exterior con espiñas que contén as castañas do castiñeiro.

HORIZONTAIS: 1. CASTIÑEIRO 2. SOUTO 3. CACHARELA
VERTICAIS: A. TONA B. BIERZO C. OURIZO